

Estimados pais e nais:

Contamos cunha páxina Web cargada de información relacionada coa actividade no centro. Nela, entre outras moitas cousas, hai un apartado do menú chamado “CADERNOS DE AULA” no que se atopan os distintos blogs, cada grupo dispón do seu propio, e a maiores un blog común a todos os grupos en inglés, en OUR ENGLISH CORNER.

A nosa intención é que dende as casas, os alumn@s e pais podan acceder á información e incluso participar nestes BLOGS aportando entre outras cousas, os seus comentarios. A tal fin, enviamos os pasos a seguir para poder engadir un comentario

A nosa dirección é:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipsantarita/>

Outra maneira de acceder, no caso de non lembrar a dirección é:



-Abrir un buscador, por exemplo Google e escribir entre comiñas “CEIP Santa Rita”

Probablemente a primeira das opcións sexa xa a que buscamos



Este é o aspecto da nosa páxina. Tedes varias opcións de menú e a maiores unha **galería de imaxes** na parte superior





Proxectos

Buscade a opción CADERNOS DE AULA



Aparecerá a seguinte ventá. Aquí están enlazados todos os nosos blogs. Clicade no que vos interese, por exemplo, CADERNO DE 1º



Debaixo de cada actividade, entrada, aparecen os distintos comentarios da xente que visita o blog. Se queredes deixar un comentario tedes que clicar na palabra **COMENTARIOS**




Ábrese un recadro onde podedes escribir o voso comentario. Logo tedes que seleccionar do desplegable que di “Comentar como” a opción da vosa conta de correo, por exemplo, se é gmail, elixiredes Google




Clicade a opción “Publicar comentario” No caso que salte unha mensaxe conforme non se pode facer, volve a clicar en “Publicar comentario”, aparecerá a páxina da vosa conta Google

Introducida os datos da vosa conta de correo: o usuario e contrasinal. Clicade “Acceder”



Aparecerá a seguinte ventá. Escribide as letras de verificación e clicade en “Publicar comentario”



Aparecerá a seguinte mensaxe: “Tu comentario será visible tras la aprobación” Clica en “Salir”



Aparece a seguinte ventá, clica en Volver a Caderno de 1º e poderedes ver o voso comentario engadido no blog. Tamén pode ser que teñades que esperar a que sexa autorizado, non vos preocupades, en pouco tempo aparecerán publicados